

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2016.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día catro de agosto de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 8 de xullo de 2016 Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. MARIA SOL FERNANDEZ LAMELAS RELATIVO A LICENZA DE OBRA PARA SUSTITUCION DE CUBERTA EN CERANZOS Nº 54.-XUANCES.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D^a María Sol Fernández Lamelas, con D.N.I nº: 76.545.687-P con domicilio en Ceranzos Nº 54.- (27877 Xuances.-Xove) para realización de obras de *Sustitución de cuberta en Ceranzos Nº 54 Xuances.*

Ref. Catastral:H00700100PJ14B0001AM .- Expediente:1908/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *O inmovible e parcela atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, do Patrimonio Arqueolóxico, de acordo con capítulo III Patrimonio Arqueolóxico Sección I do P.X.O.M de Xove. ZONA DE PROTECCION..-PATRIMONIO ARQUEOLOXICO..- Nº DE CATALOGO 96..- CODIGO XACEMENTO: GA27025001 .- GRADO II DE PROTECCION. ZONA DE PROTECCION CAUTELAR.*
- *De acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.*
- *4º.-Na data 21 de xullo de 2016 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 2430, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 22788.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 5.936,20€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 118,72€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. MARIA JOSE LAGE FERNANDEZ RELATIVO A SUSTITUCION DE MATERIAL CUBERTA EN CERANZOS Nº 52 -XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. María José Lage Fernández con D.N.I nº: 77.595.575-S con domicilio en Ceranzos Nº 52 (27877 Xuances) para realización de obras de Sustitución de material cuberta de vivenda sita en Ceranzos, 52 (Xuances). Ref. Catastral: H00700200PJ14B0001BM

Expediente: 1909/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *O inmovible e parcela atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, do Patrimonio Arqueolóxico, de acordo con capítulo III Patrimonio Arqueolóxico Sección I do P.X.O.M de Xove. ZONA DE PROTECCION.PATRIMONIO ARQUEOLOXICO. Nº DE CATALOGO 96. CODIGO XACEMENTO: GA27025001 GRADO II DE PROTECCION. ZONA DE PROTECCION CAUTELAR.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *De acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.*
- *Na data 21 de xullo de 2016 tivo entrada nestas dependencias municipais con rexistro de entrada 2.430 o preceptivo informe da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 22787.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*

- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.938,05 €salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 38,76 €

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. HERMINIO BALSEIRO FRANCO RELATIVO A SUSTITUCION DE CUBERTA NUN COBERTIZO AUXILIAR EN CERANZOS Nº43.-XUANCES .-XOVE

Vista solicitude formulada por D. Herminio Balseiro Franco con D.N.I nº: 33.763.582-L con domicilio en Ceranzos Nº43.-(27877 Xuances .-Xove) para realización de obras de Sustitución de cuberta nun cobertizo auxiliar en Ceranzos, 43 Xuances. Ref.Catastral: 27025A015001390000JJ .- Expediente: 2341/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa Colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL AREA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo Rural de Ceranzos.-Xuances.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.6 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de remodelación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación principal agás os elementos sustentantes da cuberta deste porche.*
- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal e o seu ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 24 da lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.*
- *A cuberta deberá ser de pizarra.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.781,17€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 35,62€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D. JOSE ANGEL GARCIA POSADA EN REPRESENTACIÓN DE BARRAS ELECTRICAS GALAICO-ASTURIANAS S.A. (BEGASA), RELATIVO A SOTERRAMENTO DEL DESVIO DE LA L.M.T. ALUMINIO NO CAMPO DE FÚTBOL DE XOVE (CAMPO DE ENTRENAMIENTO MUNICIPAL).

Vista solicitude formulada por D. José Angel García Posada en representación de: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A. (Begasa). con CIF nº: A-33001983 con domicilio en Parque Empresarial As Gándaras, calle A, parcela U2 (27003 Lugo) para realización de obras de Soterramento del desvío de la L.M.T. aluminio no campo de fútbol de Xove. Expediente:2586/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

De acordo coa documentación que se aporta, suscrita polo Inxeniero industrial D. Enrique Fernández Olea, colexiado nº 574, o trazado previsto e a Parcela en que se ubicarán as instalacións que se pretenden, encóntranse ubicadas dentro de Solo urbán de Xove, Ordenanza O-7. Equipamentos, 07-SE-D3, de acordo coa vixente Normativa municipal do Concello de Xove. P.X.O.M aprobado o 12 de xuño de 2012 e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2.012.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *A área municipal afectada por estes traballos, se executarán no que a obra civil se refire de acordo co as obrigadas prescricións dos servizos técnicos municipais.*
- *Unha vez executados os traballos previstos, na súa totalidade, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.*
- *De acordo co exposto anteriormente, infórmase favorablemente as obras que se solicitan, nas condicións establecidas no proxecto que se aporta.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.234,62 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 64,69 €

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C)CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE SUBVENCIÓN A D^a BELEN MENENDEZ LOPEZ COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria autónoma D^a Belén Menéndez López, con D.N.I. nº 33.326.829-J con domicilio en Ancil, 20 (27878 Lago) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego do ano 2016, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2016, e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria autónoma seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Belén Menéndez López	Ancil, 20 (27878 Lago)	Interprete de instrumentos musicais

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello en materia de Plan de Emprego.

3º) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.2)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE MAQUINARIA Y COLABORACIONES (MAYCO S.L.) PARA D. TIRSO ROMERO BEN.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
<i>MAQUINARIA Y COLABORACIONES (MAYCO S.L.)</i> Aptdo. Correos, 52 (27890 San Cibrao Cervo)	<i>Tirso Romero Ben</i> Vilachá, 6 (27877 Portocelo)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.3)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE TALLERES POMEDA S.L. PARA IAGO FIZ ROCA NUÑEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
<i>Talleres Pomedá S.L.</i> Estrada Xeral S/N (27880 Burela)	<i>Iago Fiz Roca Nuñez</i> Urbanización Palmeiro, 57 2º A (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.4)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE HOTEL PALACIO DE CRISTAL PARA MARIA ISABEL PERNAS FRA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadora
<i>Hotel Palacio de Cristal S.L.</i> Avda. Arcadio Pardiñas, 154 (27880 Burela)	<i>M^a Isabel Pernas Fra</i> Vilachá, 21 (27877 Portocelo)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballadora, os efectos oportunos.

D.5)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE NOVOMAR DE CELEIRO S.L. PARA ADÁN RODRIGUEZ ROCA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
<i>Novomar de Celeiro S.L.</i> Lg. Porto Pesqueiro S/N (27863 Celeiro Viveiro)	<i>Adán Rodriguez Roca</i> Ancil, 4 (27878 Lago)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.6)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE CONSTRUCCIONES FRAGA CILLERO S.L. PARA JONATAN SECADES RAMON.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
<i>Construcciones Fraga Cillero S.L.</i> Avda. da Mariña, 23 (27880 Burela)	<i>Jonatan Secades Ramón</i> C/ Dr. Baamonde Illade, 7 (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.7)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE CARREIRAS CILLERO S.L. PARA GUILLERMO BERDEAL VÁZQUEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
<i>Carreiras Cillero S.L.</i> Poligono Industrial Cuña S.L Poligono 147 27890 Cervo	<i>Guillermo Berdeal Vázquez</i> Veiga, 35 (27879 Rigueira)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.8) SOLICITUDE DE JOSE ANTONIO BOUZA PIÑÓN DE INCLUSION COMO PERSOA TRABALLADORA NO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador D. José Antonio Bouza Piñón con D.N.I. nº 33.861.227-Y con domicilio en Cruceiro, 7 (27877 Xuances) para a súa inclusión como persoa traballadora dentro do Plan de Emprego Municipal.

Visto o informe do Departamento de Emprego Municipal no que se fai constar que según os informe pertinentes non se atopa residindo de maneira efectiva no enderezo de Cruceiro, 7 (27877 Xuances); a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a inclusión no PEM do Concello de Xove a D. José Antonio Bouza Piñón en base ó informe dos servizos municipais.

2º)A notificación do presente acordo ó interesado os efectos procedentes.

D.9) SOLICITUDE DE INCLUSION NO PLAN DE EMPREGO DA EMPRESA “MESÓN RESTAURANTE XOVE” PARA CAMILO JOSÉ GONZÁLEZ GONZÁLEZ.

Por Secretaría dáse conta da solicitude formulada polo Mesón Restaurante Xove, con CIF:B27376136 e domicilio a efectos de notificación en c/Tomás Mariño Pardo, 8 (27870 Xove), para a contratación ó abeiro do Plan de Emprego do traballador D. Camilo José González González. Visto informe do Departamento de Emprego en relación a que non procede a inclusión en base a que incumpre a Base 1 do capítulo II do Plan de Emprego Municipal, relativa ó empadramento do traballador.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda :

1º) Denegar a solicitude de inclusión no plan de emprego da Empresa Mesón Restaurante Xove para o traballador D. Camilo José González González.

2º) A notificación ó interesado ós efectos procedentes.

D.10) SOLICITUDE DE D. DEMETRIO LOPEZ PENA DE VADO PERMANENTE EN C/ DR. BAAMONDE ILLADE, 8 (27870 XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Demetrio López Pena con D.N.I. nº: 35.622.844-F con domicilio en Dr. Baamonde Illade, 8 (27870 Xove) que solicita un vado permanente para unha entrada de vehículos no seu domicilio de Dr. Baamonde Illade, 8 (Xove) con unha anchura de 5 metros; Expediente:2522/16.

Visto o preceptivo informe dos Servizos Técnicos Municipais que se transcribe de seguido:

- *Infórmase favorablemente a concesión do vado que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.*
- *O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.*
- *Si as obras realízanos os servizos de obras municipais ó custo dos traballos rexeranse de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MANUELA EIJO BALSEIRO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Manuela Eijo Balseiro con D.N.I. nº 33.836.075-Q , con domicilio en C/ Acceso Apeadero, 8 2º C (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€

D.12)ACORDO RELATIVO Á CONCESION BECAS E AXUDAS O ESTUDIO, CORRESPONDENTES O CURSO 2015-2016. (AXUDAS DE TRANSPORTE E COMEDOR)

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Traballadora Social relativo as solicitudes formuladas en relación a becas e axudas ó estudo, nos apartados 5 e 6 da convocatoria en referencia ás axudas para transporte e comedor.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido, **condicionado o libramento das mesmas a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade**, sen o cal non se poderá efectuar este libramento.

	NOME	TIPO	IMPORTE
1	Cecilia Duarte Fernández Urb. Palmeiro, 36 2º B (27879 Rigueira)	Transporte	300,00 €
2	David Quelle Sanjuan	Transporte	300,00 €

	Camiño Apeadero, 20 1º D (27870 Xove)		
3	Melida Sanjuan Parapar Camiño Apeadero, 20 1º D (27870 Xove)	Transporte	300,00 €

D.13) ESCRITO DA U.D. XOVE-LAGO PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto a solicitude da U.D. Xove-Lago, con CIF:G-27144203 e domicilio a efectos de notificación en Acceso Campo de Fútbol S/N (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 1/3/2016 para a actividade de fútbol competitivo-formativo.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 12.000,00 €

D.14) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL A MARIÑA DE SUBVENCIÓN PARA OCIO REHABILITADOR PARA OS USUARIOS DA UNIDADE RESIDENCIAL DA MARIÑA-2016.

Visto a solicitude da Asociación De Axuda Ó Enfermo Mental A Mariña, con CIF:g27262799 e domicilio a efectos de notificación en *Unidade Residencial A Mariña, Carretera de Sargadelos,10 (27891 Cervo)*

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2016 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 1.200,00€

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 1.200,00€ para ocio rehabilitador co fin de aprender a disfrutar do tempo de ocio.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 840,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.15) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE OCIO E TEMPO LIBRE.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola realización de obradoiros de corta e longa duración; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola

mesma funcionaria, *PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL por delegación do Concello Pleno, a modificación de dito acordo, que quedará redactado como segue:*

1.- Modificación do artigo 4º do Acordo Regulador, quedando redactado como segue:

Artigo 4º.- A contía do prezo público regulado no presente Acordo, ven determinado en función das actividades que a continuación se relacionan:

<i>Actividade</i>	<i>Prezo/mes/actividade* sen IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>Prezo total/mes</i>
<i>1.-Ximnasia de mantemento, pilates e aerobic ou outras similares</i>	<i>10,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>10,00 € cada actividade</i>
<i>2.-Ioga</i>	<i>15,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>15,00 €</i>
<i>3.-Actividades do Programa Xove Concilia</i>	<i>20,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>20,00 €</i>
<i>4.-Kartódromo de Tapia de Casariego</i>	<i>5,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>5,00 €</i>
<i>5.-Bailes de salón</i>	<i>12,40 €</i>	<i>21% (2,60 €)</i>	<i>15,00 €</i>
<i>6.-Bordado á man</i>	<i>8,26 €</i>	<i>21% (1,74 €)</i>	<i>10,00 €</i>
<i>7.-Encaixe de bolillos</i>	<i>8,26 €</i>	<i>21% (1,74 €)</i>	<i>10,00 €</i>
<i>8.- Torneos de pádel</i>	<i>18,00 € non federados (unha categoría)</i> <i>15,00 € federados (unha categoría)</i> <i>30,00 € non federados (dúas categorías)</i> <i>25,00 € federados (dúas categorías)</i>	<i>-€</i>	<i>18,00 € non federados (unha categoría)</i> <i>15,00 € federados (unha categoría)</i> <i>30,00 € non federados (dúas categorías)</i> <i>25,00 € federados (dúas categorías)</i>

Os prezos sen IVE poderán variar se como consecuencia dun cambio da normativa do Imposto, variase o tipo de IVE, de tal xeito que o prezo total/mes a aboar polos usuarios se manteña inalterable.

Os prezos serán por mes, agás no caso da asistencia ao kartódromo de Tapia que será por actividade.

O importe dos prezos así establecidos terá carácter irreducible, salvo nos meses de comenzo e fin das actividades de xeito que o prezo quedará reducido á metade sempre que a actividade se preste por un período inferior a quince días.

Do mesmo xeito, para que a renuncia á realización da actividade dea lugar á anulación da exacción, aquela deberá efectuarse con carácter previo ao comezo da actividade.

Non procederá a exacción do prezo cando a actividade non se realice, o que sucederá se non se acadara un mínimo de 10 usuarios por actividade para as actividades dos puntos 1, 2, 5, 6 e 7; e un mínimo de 20 usuarios para a actividade do punto 4.”

Visto informe de Intervención Municipal obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación da modificación do prezo público pola Realización de Actividades Formativas de ocio e tempo libre.

2º) A remisión ó Boletín Oficial da Provincia do acordo regulador para a súa publicación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cincuenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

